

## ELECCIÓN DE REPRESENTANTES NO COMITÉ DE DIRECCIÓN DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL

### ACORDO DE PUBLICACIÓN DO CENSO DEFINITIVO

De conformidade co Regulamento Electoral Xeral da USC e a convocatoria de elección de representantes no Comité de Dirección da Escola de Doutoramento Internacional, aprobada por acordo da Comisión Electoral Central do 5 de marzo de 2021, e rematado o prazo de presentación de recursos ante a Comisión contra o censo provisional sen que se recibira ningunha reclamación,

**A COMISIÓN ELECTORAL CENTRAL, na reunión celebrada o día 25 de marzo de 2021, acordou:**


- DISPOÑER A PUBLICACIÓN do censo electoral definitivo. Esta publicación terá lugar nos taboleiros electorais e poderá consultarse de xeito individualizado na web electoral: [www.usc.es/elecciones2021](http://www.usc.es/elecciones2021)

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2021

A secretaria xeral  
(P.A. do presidente da Comisión Electoral Central)



  
Dulce Mª García Mella